

Resolución do 23 de marzo de 2022 pola que se fan públicas as bases para a selección de persoal colaborador cos tribunais de procesos selectivos de PAS para o acceso á Universidade de Santiago de Compostela.

Ante a celebración de procesos selectivos cunha elevada afluencia de aspirantes para cubrir prazas do cadro de persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela, é necesario dotar aos tribunais de persoal de apoio para realizar tarefas de carácter auxiliar ou de servizos, que redunde no correcto desenvolvemento das probas selectivas.

Por isto, faise necesario confeccionar unha lista de persoal que desexe colaborar, que será seleccionado de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán solicitar formar parte desta listaxe os funcionarios de carreira e o persoal laboral fixo

SEGUNDA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Terá preferencia para ser seleccionado o persoal laboral pertencente aos grupos III e IV e o persoal funcionario dos grupos C1 e C2 indistintamente, que ocupe postos base, de acordo coa seguinte prelación:
 - maior antigüidade recoñecida na USC
 - no caso de empate, quen teña maior idade
2. A continuación seleccionarase ao persoal do mesmos grupos que ocupen postos singularizados e a continuación, persoal laboral dos grupos I e II e a funcionarios dos subgrupos A1 e A2 indistintamente, aplicando en todos os casos a prelación indicada nos parágrafos anteriores.
3. No caso de que as probas selectivas teñan lugar nun centro/dependencia a USC, recorrerase sempre primeiramente ao persoal que desenvolva o seu labor nese lugar, antes de recorrer á listaxe.

TERCEIRA.- CHAMAMENTOS

Co fin de que o maior número de persoas poidan acceder a estas colaboracións, irase percorrendo a lista en sentido descendente para atender as distintas convocatorias de forma sucesiva, e terá preferencia no chamamento o persoal que traballe no campus onde teña lugar a proba selectiva, de ser o caso.

CUARTA.- INDEMNIZACIÓNS

O persoal seleccionado percibirá o establecido no Anexo IV do Regulamento de indemnizacións por razón de servizo da Universidade de Santiago de Compostela: <https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciedus/doutoramento/descargas/Regulamento-de-indemnizacions-por-razon-do-servizo.pdf>

e os gastos de transporte que poidan corresponder ao persoal que para asistir, se desprace a un campus distinto do seu lugar de traballo, e no caso de que as probas teñan lugar nun lugar distinto de Santiago de Compostela ou Lugo.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse do seguinte xeito:

1. encha o formulario que se indica a continuación: <https://forms.office.com/r/WjccgZrBiB>, que unha vez cuberto e remitido, ofrécelle a opción de converter a formato pdf ou imprimir, co que se pode engadir a sinatura do/a solicitante e
2. a continuación envíase a través de correo electrónico a splanificacion.pas@usc.gal ou a través do rexistro electrónico ao mesmo destinatario.

O prazo de presentación de solicitudes **remata o día 7 de abril de 2022.**

QUINTA.- PUBLICACIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do servizo de Planificación e Programación de PAS: http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/colaboracions.html, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas. Contra esta resolución poderase presentar reclamación nun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita listaxe.

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

A proposta provisional de persoal colaborador seleccionado e a listaxe de espera publicaranse no taboleiro electrónico e na páxina web do servizo de Planificación e Programación de PAS: http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/colaboracions.html. Contra esta proposta, poderase presentar reclamación perante a Comisión, no prazo máximo de tres días contados desde o seguinte ao da súa publicación.

Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións ou, unha vez resoltas estas, a Comisión elevará a proposta á definitiva.

SEXTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará composta polos membros que a continuación se relacionan e terá a categoría segunda das recollidas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo (BOE do 30 de maio).

Presidencia:

Ana María Domínguez Gigirey, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

- José Ángel Díaz Pérez, persoal laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela
- Catuxa Lombao Vázquez, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela
- Obdulia Lareo Currás, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría:

José Manuel Caamaño Jerez, funcionario de carreira da Universidade de Santiago de Compostela

SEXTA. NORMA DERRADEIRA

Esta nova listaxe deixa sen efecto a que estaba vixente desde 2008 elaborada para o mesmo fin.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xerente

Javier Antonio Ferreira Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/03/2022 17:01:54.

CSV: 9F7B-D1D3-4F9F-8748